

**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS PARA A ASISTENCIA E PARTICIPACIÓN NAS FEIRAS INTERNACIONAIS DO LIBRO, REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E CONSOLIDACIÓN DO SECTOR DO LIBRO E MANTEMENTO DA ASOCIACIÓN**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade

**DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaria Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORAS (AGE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración nos gastos de funcionamento da entidade e na realización de diversas actividades culturais, accións de fomento e promoción da lectura e do libro como motor do coñecemento.

No referente as actividades culturais, a AGE prevé realizar, entre outras, as seguintes: asistencia e participación nas Feiras Internacionais de Frankfurt e LIBER, así como a organización de simposios (*O libro e a Lectura 2022*), seminarios, sesións formativas, xornadas e outras actividades relacionadas coa promoción e consolidación do sector do libro, a Feira das Industrias Culturais de Galicia-Cultural- e a asistencia a reunións e eventos, entre outros, da FGEE, CEDRO e da Asociación de Editores Sardos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o convenio que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a AGE é a que ten entre os seus fins a consolidación do sector do sistema editorial galego, fomentando a competitividade das empresas do sector, a súa profesionalización, e a promoción e visibilización da produción propia.



Polo que a AGE é a que posúe a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, así coma o de beneficiaria da actuación subvencionada e interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

